

CONVERSACIÓN CON ALFREDO CONDE

Ana María Platas Tasende
 Instituto "Rosalia de Castro". Santiago

Aínda que nos atopemos ante unha das figuras máis coñecidas da nosa literatura, non queremos eludir algúns datos da biografía deste home que, xuntando inxenio e traballo, é quen de soster, a través dos anos, o posto conseguido nas letras galegas, primeiro, e despois, na literatura castelá.

Alfredo Conde Cid naceu no ano 1945 nas terras de Allariz (Ourense). Tras cursa-lo bacharelato estudou Náutica na Coruña, navegou por mares diversos, traballou na Banca e estudou na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela. Exerceu como profesor en Pontevedra e, máis tarde, como político en diferentes cargos, entre os que cabe lembra-lo de Conselleiro de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, nos tempos do goberno tripartito presidido por González Laxe.

Para algúns non será novo escoitar que este ourensán é un escritor e un per-

sonaxe público polémico, capaz de suscitá-las meirandes paixóns e as meirandes irritacións con cada obra que publica, con cada xesto que se permite. Non é o seu caso illado nese mundo no que se mesturan capacidades creativas, críticas, éticas e estéticas: a cotío adoitamos coñecer tantas historias semellantes de artistas, antigos e modernos, que non paga a pena subliñalas. Parece coma se certos favorecidos dos deuses tivesen que render algún tributo ou sufrir dalgún xeito por selo.

Alfredo Conde, que nas súas ficcións fai da envexa e do afán de descalificación dos posibles rivais os defectos máis salientables -e máis noxentos- da idiosincrasia galega, posúe xa unha fama nacional e internacional, conseguida coa teimosía do propio esforzo e, non o dubidamos, co apoio das musas da inspiración literaria.

Conta no seu haber con numerosos e importantes galardóns, entre os

que destacan os Premios da Crítica Literaria Española e da Crítica de Galicia (*Breixo*, 1981); Premios Chitón e Icaro de *Diario 16* (*Memoria de Noa*, 1982); Premio Blanco Amor, Premio Nacional de Literatura (1986) e Premio Grinzane Cavour (1990) á mellor novela estranxeira publicada en Italia (*Xa vai o griffón no vento*, 1984); Premio Nadal (*Los otros días*, 1991). En maio de 1995 saíu á luz *Sempre me matan*, seguida en xuño pola versión castelá, tamén do autor, un pouco máis longa e non mera tradución literal do galego.


Veciño hoxe de Brión, nos arredores de Santiago, habita coa súa muller, Mar Nogueira, e a súa filla, Mariña, a fermosa Casa da Pedra Aguda. Alí, ademais de deixarnos botar unha longa ollada á súa impresionante biblioteca, acóllenos a nós e ás nosas preguntas.

-Vostede empezou como poeta co libro Mencer de lúas, no ano 1968, pero, á parte doutros traballos ocasionais, das letras para a Gran Cantata Xacobeana e do Longo poema da fin dos tempos, parece máis inclinado á narración. ¿Que relación ten hoxe coa poesía?

-De pura envexa ou, mellor dito, de total impotencia. Seime un mal poeta. Vostede mesma o adianta ó falar de "letras" para a *Gran Cantata Xacobeana* e máis pró *Longo Poema da Fin dos Tempos*, porque iso é o que son: letras, textos, en verso no primeiro dos casos citados, en prosa no do segundo, que

saíron medio aparentes, é verdade, quizais porque non foi a miña pretensión a de facer poesía *sensu stricto* en ningunha das dúas ocasións. Na primeira delas propúxenme facer unha letra que estivese impregnada de todo canto recolle o *Códice Calixtino*. Pra iso "empapeime" del, léndoo a porfía durante un verán enteiro; o que non foi necesario facer en absoluto na segunda ocasión: vin a Compostela por primeira vez, sendo neno, e dende aquela amo esta cidade, as súas pedras, máis ca ningunha outra.

De vez en cando fago algún poemíña, entón escribo á man, pero axiña o rompo e son moi poucos os que conservo. Son moi mal poeta. O que si son é un dos mellores lectores de poesía que poida haber neste país. Vento un poeta antes que un can de perdices a súa presa. Afirmoo con total inmodestia. Pero é certo. Leo moita poesía. Moita. Aínda que cada vez lea menos poetas. Debe de ser porque cada vez hai menos. Afortunadamente. Sería terrible que houbese moitos. Podería significar un estoupido, un rebentón, algo catárquico e definitivo. Ademais, se é certo que a poesía implica a intensificación dos significantes, e debe selo, a súa apreciación semella que deba ser tamén cousa propia de ben pouca xente. Se o fose de moita, non sería cousa propia de poetas, senón de versificadores e, dentro da súa dignidade, esa xa é outra festa. Eu non son nin versificador, nin poeta. Son un mal bicho enveñoso do don do que carezo, de "esa gracia que no quiso darme el cielo".



Todo isto non quere dicir que non teña libros inéditos e que non deban seguir así. Hai pouco, Conde Corbal devolveume un orixinal do que eu xa non tiña nin memoria. Leváao, xa se cumpriron diso ben máis de vinte anos, pra lle facer as ilustracións, e alí quedara esquecido na súa casa, entre os seus papeis. Moito llo agradecín. Teño que relelo, pero sospeito que se ha tratar, en gran medida, dunha silente resposta miña a unha afirmación que, estando de portas pra fóra do "Gaiola", a cafetería emblemática do 68 compostelán, me fixera un hoxe ilustre profesor. Dixérame que a miña poesía era un luxo, un dispendio, algo superfluo, pois era preciso facer unha poesía máis "comprometida". A min aquilo mancárame, a que negalo. Eu estaba metido ata o pescozo na loita política clandestina, na loita que había repercutir tanto en min, privándome dunha licenciatura que tiña practicamente concluída, e cría ter dereito a facer poemas de amor. Se non tiñamos nós dereito ó amor, a ver quen o tiña. Tanto, teríao calquera; pero máis ca nós, ningún.

Daquela, e aínda que pareza mentira, a poesía amorosa en galego era máis ben escasa, reducíase a dous libros: o meu e o doutro poeta do que eu fun moi bo, pero que moi bo amigo ata que enterrrei a súa amizade á par que enterraban o corpo de Avilés de Taramancos, este si que foi un gran poeta, no mesmo lugar e hora aproximada. O ilustre profesor, co que tiven unha relación curiosa que agora xa non teño, claro, daquela ignoraba isto. Se o primeiro comentario serviu pra que eu porfiase en compoñer máis poe-

mas de amor, outro, que me fixo na Praza da Peregrina en Pontevedra, serviu pra que *Mementos de vivos* levase as incursións intimistas e líricas que leva. Comentáralle eu que ía saír do banco, no que traballaba de auxiliar administrativo dende que me desembarcara pra me casar por primeira vez, pra ir dar clases e botouse a min, abrazándome e dicíndome "agora xa es dos nosos". Eu quedárame abraiado, entón de quen centellas era eu deica aquela ocasión feliz. Daba toda a impresión de que o banco fose meu e eu fose un banqueiro e non un bancario, como era. Menos mal que o meu parente Mario Conde aínda non fixera aparición, que se non igual me victiman. Recordo que Xerardo Moscoso, o cantante de "Voces Ceibes", cantaba tamén que "había un poeta burgués chamado Alfredo Conde" ó que pouco menos que había que lle negar o dereito á vida. O curioso é que daquela non saía da miña casa, máis que pra cantar. Comer e durmir facíao a bordo. Pénsese que o aludido profesor era daquela o gran pope cultural galaico e que dispuña de todo o aparello do partido comunista pra facer e desfacer a gusto, que "Voces Ceibes" foi un invento que aproveitou e manipulou o PC e que, deica o ano 72, xente coma Vicente Araguas e máis eu non nos decatamos da pertenza de tódolos membros do grupo ó partido, agás no-los dous mesmos. Non era unha broma a forza propagandística do PC. Recórdese que o boom latinoamericano da novela espallouse, creceu e multiplicouse a partires de Prensa Latina. Pois daquela a miña poesía era un luxo, eu un burgués e, o que é peor, un testanciño como sigo sendo. Seguín facendo excursos líricos, inti-

mistas, saudosos e tal, poesía amorosa. En fin, cambiemos de tercio, se ben lle parece.


- Mementos de vivos, *unha serie de doce relatos, é a súa primeira obra en prosa. ¿Amosulle este libro que o seu verdadeiro camiño era o de narrador?*

-Non. O libro que me amosou que ese podería, ou mesmo debería se-lo meu camiño foi o que vostede citou anteriormente, *Mencer de lúas*, un libro que lle debo a Carballo Calero, por certo; el foi quen escolmou os poemas e quen lle deu unha orde, un xeito ó libro; el quen o levou á editorial Galaxia. Non o esquenterei nunca. Ninguén me dixera que era malo, de feito fun o autor máis novo de Galaxia, pero eu lino con calma, unha vez pasados os primeiros contentos de todo autor novo ó ver editado o seu primeiro libro, e decidín que ó mellor era certo aquilo que dixo a Pardo Bazán de que, “detrás dun mal poeta, adoito se agacha un bo narrador”. Pra empezar, un poema causábame insatisfacción e sofrimento, irritación, cando o redactaba; sentimento de impotencia; pasábao mal, mentres que escribir contos me producía pracer. Non ía eu ser tan parvo de teimar na poesía, endexamais fun sospeitoso de masoquismo de ningún tipo. E paseime con víveres e bagaxes á prosa. Aínda que siga facendo excursións poéticas de vez en cando, claro.

A partires de aí, todo foi pura obstinación. *Mementos de vivos*, que é un bo libro de contos, pasou desapercibido. E o mesmo sucedeu coas miñas

dúas primeiras novelas. Lía eu as dos demais e constataba que as miñas non eran mellores, pero tampouco non eran peores cás outras. Ata que me decatei de que o segredo estaba en que a min sempre me foi moito a marcha esa de andar por libre e nunca a de me adscribir de fouce e couce a ningunha capela, nin sequera á de Ramón Piñeiro, eu, que me confeso piñeirista, non tanto galaxista, pero que endexamais fun quen de chamar a Piñeiro por teléfono tódolos días: non o fixen co meu pai, non o fago coa miña nai, nin o farei nunca coas miñas fillas, non teño tantas cousas que contar, tantas que escoitar, nin son quen de facelo. Eu ía por libre e así non había xeito. Por iso decidín traducir Breixo ó castelán e ver que pensaban por aí abaixo, por Madrid, do que eu escribía. A resposta foi inmediata e positiva. Certo que aquí tamén tiven resposta por primeira vez, deuma Anxo Tarrío, primeiro, cunha moi boa crítica, e *La Voz de Galicia*, logo. Pero antes tiven que escribir tres libros e ser terquiño como son e penso seguir sendo.

Postos a recordar, *Mementos de vivos* levouno a Galaxia Xosé Luís Fontenla, o hoxe lusista. O *contubernio* publicouno Xosé María Álvarez Blázquez en coedición coa librería “Follas Novas” e recordarei sempre o comentario que, respecto desta novela e do premio dos “XXV anos de Galaxia” que lle deran a Carlos Casares, me fixera daquela Torrente Ballester, membro do xurado, se ben recordo. O *barco* tivo ben amarrado, sen editar durante moito tempo na colección que dirixía en Akal, o xa citado profesor; ata que



Ramón Acal falou comigo, se enterou da súa existencia e decidiu sacalo adiante. ¡Ouh, que tempos!

-¿En que lecturas e autores se poden acha-las raíces da súa vocación?

-En moitas, loxicamente. Coma todos. Son debedor de todo canto lín. E teño contado tantas veces os meus progresivos e paulatinos descubrimentos de tantas e tantas cousas literarias como as que se precisan pra ser escritor que cáseque me dá apuro facelo de novo. Pero vostede fala das raiceiras da miña vocación e non das miñas influencias. E iso é outra cousa. As influencias que as descubran ou inventen os críticos, que pra iso están. Diso da vocación, si que podemos falar.

Pra empezar, miña nai e mais meu pai contaban moi ben. Miña nai aínda o fai e sempre admirei aquela súa donidade pra nos narrar os argumentos, os entrenzados narrativos das películas que eles dous ían ver ó cine tódalas noites, cando nos despertaba pola mañá. O meu pai, mentres viviu, pois morreu sendo moi novo, escoiteino falar moitas, moitísimas veces, durante horas e horas, acerca de mil e unha cuestións. Falaba moi ben. Narraba dun xeito que te mantiña atento, quixeras que non, pois facía como facemos tódolos pais do mundo: repetíase. Púñase a pasear a grandes alancadas polo salón e falaba, falaba sen pausa, nin descanso; faciao de Allariz, da súa nenez, de política, do seu pai, de medicina. Houbo un tempo, ago-

ra xa non, en que si eu me puña a falar de medicina despistaba ata o punto de que algúns me sospeitaban médico. Era de tanto escoitar ó meu pai. Dende nenos estabamos afeitos meu irmán e mais eu a oír falar de operacións e anestésias con toda naturalidade, de síntomas e terapias, de curacions e prodixios varios na nosa casa, na casa do noso avó ou dos nosos tíos paternos.

Logo, pola parte da miña nai, víase ben que un neno lese e mesmo que escribise. Meu tío Alfredo Cid Rumbao é escritor, meu tetravó, don Vicente María Feixoo-Montenegro i Arias era escritor e médico, e descendente dun irmán do Padre Feixoo, que tamén era médico e que tamen foi escritor. Por aí todo foron ambientes propicios prá lectura, paso imprescindible prá escritura. De sempre lín moito e, dende ben neno, gustei de continuar *in mente* as historias que lía, buscándolles un final distinto, ou ben e simplemente a continuidade a unhas vidas coas que me identificara. Na casa da miña avoa lín *Viento del Norte*, a novela da finada Elena Quiroga, que levara o Nadal e que había que ler en tódalas casas ben de Ourense, pois tratábase da irmá do gobernador civil. Descubrín ó lela que se podían escribir historias referidas a xentes coma min, a xentes coma as que me rodeaban. Non foi pequeno descubrimento, -porque eu xa sabía que se podía escribir en galego, lendo a Rosalía e Curros-, que se podía escribir na lingua na que meu pai me falaba, que se podía ser escritor de novelas sendo de

1. BNG, Bloque Nacionalista Galego (nota da entrevistadora).

Allariz e vivindo en Pontevedra ou en Ourense. Logo funme poñendo a iso pouco a pouco.

De lecturas e autores que falen outros, pero voulle contar algo que a moitos lles fará encolle-lo fuciño con desprezo e a outros sorrir con benevolencia. Agora xa son maior e estas cousas non teñen máis importancia ca que se lle dea, pero hai anos non sería quen de falar delas. Eu sempre quixen ser escritor, quero dicir que non o descubrín de golpe; aínda que non saiba como nin por que; aínda hoxe non sei por que escribo. Escribo porque me gusta. E amén. Tamén porque me dá de comer. E amén. De neno xa quería, que era ó que ía. Sucedeu que dicían que eu era un neno moi guapo e pra min que aquilo disminuía as miñas posibilidades, mirrándoas escandalosamente, ¿ónde se vira un escritor ben parecido? preguntábame eu entristecido. Ata que vin unha fotografía de Knut Hamsun, un premio Nobel que foi relacionado co nazismo, autor de *Pan* e de *Un vagamundo toca con sordina*, o primeiro e único libro que roubei na miña vida, catorce pesetas das de entón, nunha edición de Plaza & Janés. Knut Hamsun tiña a fasquía do meu avó paterno, que pasaba por ser un home guapo e elegante, cheo de distinción, e aquilo reconfortoume: se Hamsun é coma o meu avó e meu avó é guapo, eu podo ser escritor, dixenme. E ata hoxe. Pero moito non me equivocaba. A un anano pódese lle perdoar que sexa sabio, moito máis ca a un home normal, porque ninguén lle envexa a súa condición de eivado na que fan descansa-la outra

que, normalmente, se envexa menos. O home é así, que lle imos facer. Paco del Riego aínda recorda a sorpresa que significaba pra el o ver aparecer polo seu despacho da Penzol a un rapaz ben parecido, vestido de oficial da Mariña Civil, que viña preguntar polo seu libro. E así outra xente. Perfecto Conde, por exemplo, aínda recorda hoxe a miña presenza uniformada no ámbito estudiantil e revolucionario da Compostela dos sesenta e moitos, e faino non sen certa sorna morna. Tiven que pexar con iso. Agora que xa vou indo vello e acumulando quiliño tras quiliño, espero que empecen a perdoarmo. Pero xa verá como aínda alguén funga pola confesión que fago. Ser escritor élle cousa de moita coña, nalgúns casos.

-Hai moi pouco Galaxia reeditou a súa segunda novela, que titula agora, máis brevemente, O barco. Pregámoslle que conte para os nosos lectores as peripecias que pasou a primeira redacción. ¿Houbo algo similar con Contubernio catro do Tomé S.?

-Non, co Contubernio non pasou nada do que sucedeu co Barco. Aquela crín que estaba mal escrita e que era quen de melloralala e procurei facelo. Creo que acertei. En calquera caso aí están os dous textos e que xulguen os lectores, os críticos, quen queira, poida e deba facelo. Esta, O barco, pasou por moitas mans, non todas santas, algunhas pecadoras, mesmo as miñas. Primeiro as do ilustre profesor, xa falei delas, logo as de Ramón de Valenzuela, máis tarde as de media editorial e as de calquera que

quixese face-la súa aportación. Estou esaxerando, evidentemente. Pero alí meteu man máis xente da debida, correctores e así. A miña responsabilidade, ademais da do propio texto, foi a de non escribir o “u” logo do “g”. Entendía que se non hai en galego o sonido equivalente, agás no caso da “gheada” era inútil escribilo. De feito dicimos “benege” ou “benega”, en troques de “benege”¹ como debiera se-lo caso. Alí atrevínme a facelo, eu era un rapaz daquela. Certo que tamen pensaba que non deberamos escribir “tractor”, senón “trat-tor”, pero dixéronme que o noso era un idioma culto, coma se o italiano non o fose, e que había que respecta-los grupos consonánticos cultos como se fai nos idiomas cultos. Daquela a hoxe, escribimos respecto e pronunciamos respekto, delikto, ecsame, taksi e estragamos a fonética que nos era propia e que tamén servía pra fixa-lo idioma. Alá eles. Agora eu son disciplinado e respekto a normativa, someténdome a calquera dikterio, ecsame ó respekto con tal de non incorrer en delikto. Vaia por Deus.

Volvendo á novela, ata houbo cambios na disposición dos últimos capítulos. Coido que agora están corrixidos os erros, pero non por iso aquela que non foi unha boa novela o vai ser agora; segue a ser unha noveliña normal, normalíña de todo, tirando máis ben a frouxa, pero non vou ser eu quen teime máis nisto.

- Breixo e Memoria de Noa son novelas dunha calidade que o sitúa a vostede como escritor de primeira fila.

1. BNG, Bloque Nacionalista Galego (nota de entrevistadora).



Consolidanse nelas tanto a tendencia ó lirismo coma o gusto pola lembranza do pasado por parte dos personaxes; móstrase tamén a ductilidade do manexo dos narradores e de certas técnicas innovadoras. Coidamos que non é vostede un novelista adoecidamente, senón ponderadamente experimental. ¿Qué pensa sobre tradición e ruptura?

-Varias cousas. Pra empezar considero que se leva facendo o mesmo xeito de experimentación anos abondos como pra que se chegase xa a un certo manierismo, a un certo neo-academicismo que aburre as ostras.

Explicareime. Quen hoxe escriba coma os do *nouveau roman* francés, coma Robbe-Grillet ou Claude Simon, a quen por certo convidei unha vez a un seminario que dirixín na Menéndez, aceptou o billete, colleuno e seica con el foi a Helsinki ver unha moza que alí tiña, porque o caso foi que por aquí non apareceu, Deus o bendiga; quen hoxe escriba coma eles, dicíalle, non está experimentando, senón que está remendando, reproducindo dun xeito retórico un experimento que se consumiu en si mesmo.


Explicareime máis. Quen hoxe queira facer *dirty realism* e remede os norteamericanos que o practican, xeralmente estará reproducindo uns modos, moi vencellados co realismo costumista decimonónico máis recalcitrante, que xa utilizou antes Carver, antes ca el Salinger e, antes ca Salinger, Hemingway e, mesmo se me apuran, Faulkner. O procedemento é válido, sempre que aporte algo, algo persoal do autor, a súa visión do mundo, por exemplo; pero se non aporta nada, que é o que máis adoito acontece, o que o autor fai é pura mímese, pura retórica ó uso disfrazada de modernidade, experimentalismo *démodé*, un neo-academicismo castrante que non leva a ningures.

Se nos fixamos ben, as novelas bizantinas que firmou Aquiles Tacio, as *Aventuras de Leucipe e Clitofonte*, por exemplo, ou, por exemplo tamén, *As etiópicas*, seguen unha técnica narrativa moi semellante á dalguns video-clips da actualidade. ¡Fixese onde vai a chamada

modernidade! Pois así todo. Na novela está todo inventado, todo. A pólvora descóbrenna moi poucos, aínda que ás veces alguén nos confunda e piquemos coma paspáns. O que hai é que se deixar de lerias e contar historias. E o modo de contalas ten que ser concorde cun tempo, pero tamén cos tempos que o precederon, é dicir, que eu non podo escribir hoxe unha novela realista como as que escribiu Pérez Gáldos no XIX, senón como as escribiría hoxe, logo de ter lido a Dujardín, a Joyce, a Torrente, a tantos outros, ós que eu si lin. E facelo coas palabras, cos modos propios do meu tempo, claro.

Hai unha novela de Pier Paolo Pasolini que lin hai anos e que me resultou reveladora. Titúlase *Teorema* e coido que a lin nunha edición da Ed. Suramericana; como é un dos tantos libros dos que fun privado, non sei se estou a da-la referencia exacta, pero alí víase claramente que hai que escribir co mesmo ritmo co que a xente hoxe le. E a xente hoxe le cun ritmo cinematográfico, moi secuencial, moi centrado nas sensacións. Hai que escribir novelas que describan eso, as sensacións, os mínimos espazos temporais posibles nos que probablemente todo estea a suceder hoxe. Ese entendo que debe se-lo intento. Narrar coas técnicas que aprendemos dos que viñeron antes ca nós e esnaquiza-los tempos na medida na que nos sexa posible. Non entendo o binomio tradición-ruptura doutro xeito e os experimentalismos seméllanme, actualmente, se-lo refuxio dos impotentes.

Noutra orde de cousas sucede co experimentalismo coma coas vangardas, útiles no seu momento, pero hoxe refuxio de dogmáticos, de impotentes que, na potenciación do seu credo estético ou ético, ven a única posibilidade de afirmación. ¿Se lles quitas os puntos fundamentais da súa doutrina, qué lles queda? ¿Que nos queda ós que non os cumprimos máis ca ser anatematizados pola respectivas igrexas? As vangardas hoxe son dun reaccionarismo brutal e teño pra min que os experimentalismos tamén. O difícil é contar unha historia polo dereito e contala ben. O doado é facer retórica experimentalista, practicala ética vangardista. As palabras gástanse, e estas dúas, logo de cáseque un século de uso e abuso impenitentes,



podemos considerar que estan estragadiñas de todo. Pobriñas.

-¿Que diferencias atopa entre compoñer poesía, contos ou novelas?

-Substanciais. Pra min que a poesía e a novela son polares. Aquela parte do *kaos* orixinario, da angustia que produce, do abraio que xera, do pasmo ou da exaltación, do extase ó que nos remite, da estupefacción tamén, do que se queira, pero do *kaos*. Contéplao e non intenta explicalo. Límitase a iluminalo, a proxectar lostregos de luz que varran calquera dos sentimentos que a súa contemplación produza. Tódolos sentimentos son posibles e do que se trata é de proxectar claridade, diáfana, intensa e breve, fugaz e insuficiente, pero real, enriba dese *kaos*. Iso é pra min a poesía. O camiño que debe recorrer esa luz dende que nace no corazón do poeta, máis ca no seu cerebro, aínda que tamén nel, é o que se transita dotando ós significantes de maior intensidade, dándolle outra dimensión ás palabras. Por iso a poesía cáseque sempre é totalmente intraducible, intransferible a outras palabras que non teñan idénticos significados.

A novela, polo contrario, é a composición, a construción dun *kosmos* harmónico. A historia do que lle sucede a alguén nalgunhas, como me dixo Torrente unha vez. Pero tamén a oportunidade que ten o autor, nun momento determinado da súa vida, de comprender, de se explica-lo mundo e de paso de lle comunicar tal descubrimento, tal

concepción do mundo, dese *kosmos* que el construíu pacientemente, ós seus lectores. Unha novela é un universo, aberto ou pechado, con final de *bing-bang* ou de enfriamento progresivo, segundo se queira, pero harmónico deica ese xusto instante final, con buratos negros ou sen eles, pero redondo, completo ó longo de toda a súa existencia narrativa.

Entre o *kaos* e mailo *kosmos*, entre a poesía e a novela, non sei se a medio camiño, pero en todo caso entre elas, está o conto. Proba disto son os contos de Borges, máis próximos a aquela, e os de Cortázar, moito máis pretos desta; por pór dous exemplos, así, a bote pronto.

Coido que eu son mellor contista ca poeta, e teño pra min que constrúo mellor as novelas cós contos. Sen despreciarlos en absoluto, cousa que non faría nunca, escriboos coa mesma intención coa que os músicos ensaian; pra facer dedos, que din os pianistas. Os contos son edificios literarios de menos altura cás catedrais. Pra entendérmonos: Santa Comba de Bande, por exemplo, é perfecta e a catedral de Compostela está chea de imperfeccións. Pero é unha catedral, un mundo abranguible só por aqueles que sexan quen de posuí-lo espacio que esta abrangue, de ollala dende calquera perspectiva, mesmo dende o aire, cousa moi doada de facer coa marabilla de Santa Comba de Bande, pero moito máis complicada de levar adiante coa catedral compostelana. Cuestión de elevación, vertixes que producen as alturas, calquera sabe, pero cando menos pra min isto é así.

- *Nas obras de Alfredo Conde outras artes parecen fundirse coa palabra, por exemplo a música. Non nos referimos só ós relatos de Música sacra, impregnados dela dende o título; tentamos sinalar na súa escrita unha presenza global da música. ¿Xorde, quizais, da súa concepción da literatura? ¿Que lle parece?*

- Que ten razón. Vostede coñece moi ben a miña obra. Agradézollo. Ten razón. Pero non só porque *O contubernio* fose escrito mentres escoitaba os *Carmina Burana*, interminablemente, ou mentres facía o mesmo coa Quinta Sinfonía de Dvorak ó escribir Breixo - tanto que creo que o tema lírico recorrente que hai nela está recollido, ensamblado na estrutura da novela-, porque agora hai anos que xa non escribo mentres escoito música e segue a relación que vostede sinala. Volvendo ó de antes, un conto sería unha sonata, un concerto; pero unha novela sería unha sinfonía, un mundo cabal e non somente un aspecto, unha contemplación parcial deste. O espacio narrativo, o ritmo que o regula debe asemellarse moito ó espacio musical. Ou tal eu coido.

Persoalmente, a música é do pouco que me pode levar á beira do salouco con certa donidade. E da música, a de cámara; da de cámara, os concertos e, dos concertos, os feitos pra cuartetos. Os de Mozart, por exemplo. Servidor élle moi cursi e mozartiano, que lle imos facer.

- *Os seus personaxes adoitan ver ou lembra-la paisaxe urbana de Santiago. Pódese dicir que é vostede o escritor do noso tempo que fixo as máis fermosas variacións descritivas dos edificios, prazas, rúas e pedras de Compostela, asolagados de choiva e de luz. ¿Recoñece vostede influencias da pintura?*

- Non sei se se pode dicir ou non, sei que me gusta que se diga; que me gusta escoitallo dicir a vostede; porque espero que quedase claro e que esta claridade veña avalada por todo canto levo escrito e se saiba e admita que Santiago é a cidade que máis amo, sen prexuízo de poligamia de ningún tipo, claro, pois hai moitas outras cidades que amo, aínda que non tanto, como hai moita outra música que amo ademais da de Mozart... e de dous amores, naceron dúas cidades, deixou dito San Agustín e eu podo amar a ben máis de dúas cidades... Gústame moi pouco funcionar por exclusions e prescindir de todo canto poida enriquecerme espiritualmente.

A pintura gústame, claro. Pero o que máis me gusta é ver, contempla-lo que me rodea, máis se está cheo de beleza: unha fermosa paisaxe, un fermoso cadro. Gústame a vida. Sonlle bastante panteísta, bastante animista e tamén algo hedonista. Coido que dentro dunha orde, naturalmente. E Compostela é fermosa, increíblemente fermosa. Agradezolle moito que soupera esculcar isto que digo en todo o que levo feito. ¡Ouh, se ademais fose enteiramente certo, que ledicia!

- *A súa consagración internacional chegou con Xa vai o griffón no vento, unha das novelas máis interesantes das letras hispánicas nos últimos anos. ¿De onde lle veñen os temas e as criaturas das súas ficcións literarias? ¿Dalle a todo tantas voltas coma o Profesor Visitante do Griffón?*


- ¡E eu que lle sei! Veñen. Ás veces pretendo saber como e de onde. No caso do Griffón quero crer que da lectura dunha noticia de prensa que dicía que, na represión política padecida pola Arxentina no seu conxunto, nos tempos de Videla, non participaran ningún militares galegos ou descendentes de galegos. Esa noticia cruzouse coa lectura dun libro sobre a Inquisición en Galicia, que afirmaba que, no século XVI, os membros do Santo Oficio aquí desprazados non foron quen nunca de dar cun verdugo galego, cun galego que se aviñera a torturar a un seu semellante; e tivéronos que traer todos de importación e asilvestrados. Aquelo emocionoume e empecei a lle dar voltas, a ler todo canto libro caeu nas miñas mans. De aí saeu o *Griffon*. Pero tamén da miña permanencia no Parlamento de Galicia e da contemplación de diversas actitudes políticas consistentes en andar sempre polo gume da navalla, como fai o visitador da novela, sempre a risco de esvarar e se ver privado das súas partes máis pudendas ou vitais.

Claro que lle dou voltas ás novelas, moitas, O que supoño é que non sempre llas darei ben. Empezo a estar preocupado porque cada vez que saco

unha nova novela dise que a boa, boa, boa era a anterior e non a última, é dicir, que logo de sete novelas non sei se escribín sete bodrios ou sete novelas aceptables. Espero que sexan aceptables e que, en cada unha delas mellorara a miña condición de narrador de historias respecto da anterior, un pouquiño, tan só un pouquiño; confórmome con iso. Non é pouco. Pero voltas as que fagan falla. Moitas. É mellor saber de que vai a novela antes de empeza-la redacción ca practicar aquilo da escritura automática dos surrealistas, que era moi experimental pero non produciu máis ca unha literatura ocorrente, brillante, moi boa pra lucir en sociedade na maioría dos casos, non en todos, claro.

- No ano 1988 vostede entrevistou a Fidel Castro, por encarga da televisión de Galicia, durante máis de oito horas seguidas. Un dos resultados foi o libro *Una conversación en La Habana, profunda pesquisa sobre a vida do Comandante. ¿Que pensa del e da situación de Cuba?*

- Del penso o que xa escribín no libro: que é un gran seductor, tanto que se seduciou a si mesmo, é dicir, que está atrapado polo propio personaxe que creou. Isto sucédelle adoito ós grandes actores. A Felipe González, por exemplo, escravo xa da súa propia palabrería. Fíxese como non lle sucede o mesmo a Alfonso Guerra, que non é tan bo charlatán, nin tan bo actor, aínda que neste segundo aspecto el poida pensa-lo contrario.



galaxia-narrativa

Politicamente penso que as institucións deben estar por riba dos homes e dos partidos. A monarquía constitucional debe estar por riba do rei e non ó revés e, así, unha institución chamada nación cubana, Cuba se o prefire, o acordo duns homes e mulleres que se dotaron da vontade común de ser e de estar no mundo, debe prevalecer por riba dun home, Fidel Castro, por riba dun partido, o comunista, por riba de calquera interese bastardo ou personalista. E isto hai tempo que non está a suceder en Cuba, ó meu entender, cando menos. Trátase do outono do patriarca que, como é debido, supera na realidade a ficción literaria de García Márquez.

Outra cousa é que Castro sexa

encantador, seductoramente encantador no seu trato persoal e mentres non se irrite. Outra, que Cuba sexa unha illa fermosa e amada por calquera que estivese nela e máis se ese calquera é galego como eu son. Outra cousa é a bonhomía dos cubanos e das cubanas, o seu trato afable e igualmente seductor. Pero aquilo élle un desastre. De se-lo prostíbulo oficioso dos USA, como se lle reprochou nos tempos de Batista, i era lamentablemente certo, pasou a se-lo prostíbulo vergoñento dos hispano-latinos e canadenses ou canadianos que alí acoden. A diferenza é terrible: antes tratábase dunha relación de igual a igual, establecida entre unha profesional que ofertaba uns servicios e un comprador que os remuneraba. Había un equilibrio, despreciable se se quere, pero equilibrio. Agora non é un trato, é o abuso dun sesentón ibérico, lúbrico, incapaz na maioría dos casos de face-lo mesmo no seu lugar de orixe, que vai aproveitarse da situación de miseria e fame pola que está a atravesar aquela xente pra se deitar con mulatiñas de catorce ou quince anos a cambio dun tubo de pasta dos dentes, dunha aspirina, de roupa, duns poucos dólares, de calquera cousa. O desequilibrio é evidente, a relación non é de igual a igual. Iso vai de onte a hoxe. ¿Causas? Moitas. Dende que, desaparecida a URSS, Cuba xa non exerce de can pastor do imperialismo soviético e, polo tanto, non recibe o óso, o soldo que lle permite estabiliza-la súa economía, ata o bloqueo ianqui que é despreciable e axuda a conduci-la totalidade dun pobo á situación de miseria na que se atopa. Nin unha causa, nin outra, exculpan o

réxime cubano, que se nega a permiti-la democratización do sistema.

Díxenllo a Castro a primeira vez que estiven con el, no ano 87, ó lle face-la reflexión de que nos debía outorgar, ós que creramos nel nos seus primeiros anos de estancia no poder, a parte de grandeza histórica que nos correspondería no caso de que pasase á historia con esa grandeza que se lle supuña e por ter permitido a democratización de Cuba. E que non lle perdoariamos nunca que, por egoísta obcecación, pasase envolto na miseria moral na que pasaría, caso de que procedese como está procedendo. Porque esa miseria tamén sería nosa. A reflexión xurdira a conto do turismo e do que este significara sociolóxica e politicamente na España dos sesenta. Irritouse moito e falou como falan ou falaban -que xa foron morrendo moitos- na miña familia materna, que foron falanxistas de primeira hora. Onde a miña familia dicía "pra isto fixemos unha guerra, a batalla de Brunete, ou a defensa do Alcázar", Castro apuña "pra isto Serra Maestra, o Granma, Praia Xirón, Bahía Cochinos". Foi moi violento. Logo asistín á viaxe do Presidente Fraga a Cuba, e ó de Fidel Castro a Galicia. Pero isa é unha historia que non me compete a min contar polo momento, como tantas outras.

- *O Premio Nadal* Los otros días produciu un enorme rebumbio en certos ámbitos culturais galegos polo que significou para algúns que un escritor que cultivaba a lingua galega acadase un galardón tan importante precisa-

mente en castelán. Parécenos que foi vostede inxustamente tratado ¿Como ve todo aquilo?

- Terrible rebumbio, si señora. Eu tamén teño pra min que fun inxustamente tratado, perdín amigos e relacións e xa non as recuperarei na miña vida, nin falta que me fai, madia leva. Levantou a veda o meu propio editor, daquela e curiosamente profesor de lingua e literatura españolas, é dicir, en nómina do Estado por lle aprender ós rapaces a lingua e a literatura españolas. A min negoume a mesma posibilidade - por unha vez e malia que coma el, tamén eu coma do meu traballo. Negoume a posibilidade de concursar a un premio establecido en Barcelona pra novelas escritas nesa mesma lingua na que el exercía a docencia, escribía nos xornais de Madrid e se relacionaba con máis xente da que nos podemos imaxinar. Tamén llo reprocha ó Ferrín. Parece ser que Ferrín non debe solicitar bolsas á creación literaria no Ministerio de Cultura, pra escribir en galego, pero el pódelles aprender ós rapaces a lingua e a literarura castelá. Miserias, miserias morais, que diría el. O caso é que, unha vez levantada a veda polo meu editor, a caza foi continuada polo director xeral dunha multinacional do libro en lingua española, é dicir, e por emprega-los termos ó uso, da lingua imperialista que nos coloniza cos productos culturais, precisamente, desa mesma editorial; seguíronos un autor de guions en castelán prá Sardá e un redactor de discursos pró Presidente da Deputación da Coruña, loxicamente tamén en caste-

lán. Puro fariseísmo e pura envexa. O parvo fun eu por lles facer caso e andar a me xustificar. Que lles dean moito virulé a todos eles. Pero o certo é que aquilo me converteu na besta negra do nacionalismo independentista galego e dalguns dos seus corifeos.

O curioso é que ningún dos escritores galegos vivos, hei comprobar cantos dos vellos, leva escrito en galego o que eu levo escrito, miles de artigos, unha ducia de libros -e non libros de cen páxinas, precisamente- cantatas, guións de televisión, etc., etc., etc., e ningún, e digoo con toda canta inmodestia se me queira atribuír, pero tamén con toda canta veracidade e con todo canto orgullo dos que dispoño, ningún, cos seus escritos, deu a coñecer tanto Galicia, o galego e a literatura galega fóra do noso ámbito xeográfico como eu levo feito. Non falo da bondade literaria dos meus escritos, que iso é algo subxectivo, falo de datos que se poden documentar nas hemerotecas. Isto élle así e, con razón ou sen ela, vai á misa.


Transcorridos xa catro anos daquelo, percibo os efectos e debo recoñecer que non deberan, pero séguenme afectando. Con todo, foron beneficiosos ó fin: vivo na aldea e déronme soidade abondo pra escribir e pra non andar a perde-lo tempo nas tertulias e nos circos pechados dos literatos de provincias, e dotáronme, ó tempo, dunha liberdade de criterio tan ampla como nunca dela dispuxera; penso o que digo, pero digo o que penso, sen máis limitacions cás imprescindibles; e estas, á

altura dos meus anos, empezan a ser xa moi poucas. Ademais impórtame pouco equivocarme, defendo o meu dereito a facelo e, cando vexo o aceitoso encoro no que o noso mundo cultural devalou, unha viscosa mancha de aceite, na que nunca pasa nada, na que nada se move a penas, conténtome vendo as cousas dende a ribeira: estalle algo máis ventada, algo máis movida, por moi só que se estea nela.

- *A súa última novela, Sempre me matan, ofrece unha visión moi escura de certos aspectos da Galicia contemporánea. Das desventuras dun emigrante, desexoso de reintegrarse na terra que abandonara, derivase unha crítica, -que poderíamos cualificar de feroz- contra determinados comportamentos de homes e institucións. ¿Esta ollada tan negativa coincide co que vostede pensa ou só quixo amosar literariamente un caso posible?*

- Persoalmente teño unha visión esperanzada de Galicia. Se a min me din hai vinte anos que ía ver todo o que levo visto, dame un ataque de risa que aínda me duraría hoxe. Refírome a que Galicia puidera contar cun Parlamento no que se elaboran leis propias, como a do Dereito Civil de Galicia, por exemplo; ou a dispór dunha TV e dunha radio en galego, dun xornal en galego, refírome a "O Correo Galego", no que eu escribo tamén tódolos días. Refírome a que Galicia conte cun goberno propio...; refírome a todo canto levamos visto, ó mesmo feito dos reproches que escoitamos de boca de xente que agora hai anos

que emprende o camiño que se nos negara a nós; ós comentarios asañados encol do parlamentiño de cartón ditos por quen se vai converter na segunda forza parlamentaria de Galicia; refírome a que, se vin todo iso, aínda podo ver moito máis: se temos sentidiño e non estragamo-lo invento, claro, o que tamén puidera suceder. Pero *Sempre me matan* o que describe na súa segunda parte é un xeito de entende-lo país e un xeito de entende-la política. Ese país e ese xeito son posibles, vaia se son posibles. Dígollo eu que andei na política durante moitos anos da miña vida. O que non ten a novela son nomes propios, nomes reais.




Agora ando a ver se son quen de escribir unha segunda parte. Vouno intentar, pero non terá nada que ver coa miña opción persoal, coma miña persoal visión das cousas, estaba apañado se só escribise a ese teor.

- *¿Ata que punto a súa traxectoria biográfica está presente no que escribe?*

- Ás veces ata facer meus alguns enfoques que xurdiron no momento da escritura, o que sería un xeito de post-biografismo, de autobiografía *post partum*. Creo que se escribe a partires da experiencia onírica ou fantástica, imaxinativa; da experiencia documental e da experiencia propia, é dicir, do que un imaxina, soña, le ou fabula a partires da propia realidade. Coido que na miña literatura hai de todo iso. En *Sempre me matan* hai moita fabulación feita a expensas da miña vida de mariño, de empregado de banca e de político, pero non hai autobiografía *sensu stricto*. A miña vida igual a conto nunhas memorias cando sexa vello, non teña nada que perder, nada que narrar novelescamente, me importe un pito todo, mesmo o meu propio prestixio, e ata me divirta o facelo. Amáis daquela haberá tanta distancia dos feitos que xa se poderá facer literatura sobre eles, fabulación, vaia, e por iso o escribilo me resulte atraente e grato.

- *Vostede viaxou a moitos e alonxados países para presentar Sempre me matan. ¿Como encontrou o nivel de cultura dos galegos que viven fóra?*



- Os galegos formamos un pobo composto maiormente de labregos e mariñeiros, ou de funcionarios, de mestres, curas, policía, gardas civís, profesores varios, xuíces, inspectores de facenda, emigrantes, etc., é dicir, maiormente de desertores da aixada, neste caso, o que quere dicir que a nosa cultura é a que perviviu neses ámbitos marítimo-terrestres e que neles somos xente culta, mesmo diría que moi culta, pois esa nosa foi unha cultura vizosa, ubérrima, que agora está a desaparecer. O nivel desa cultura nos emigrantes é alto. Todo ten un nome, mesmo hai un nome pra cada tipo, pra cada estadio de néboa, pra cada tipo de chuvia ou pra cada tipo de camiño, pra cada estadio do crecemento dun cogomelo: o *bolletus*

edulis é cogordo, cogomelo ou patamela segundo estea medrado, sucede o mesmo cos grelos, que son cimos... ¿en cantos idiomas hai esta riqueza? Todo ten no galego un nome e un sentido. Nun barco non podes dicir que se desprende un remache na parte dianteira da nave, tes que dicir que no *peak* de proa, a estribor, na pracha sete, a rentes do bao catro se despredeu o quinto remache, só así poderás reparalo axiña e impedir que o barco se afunda. A nosa cultura, a cultura na que perviviu o galego é esa que ten nomes pra todo e que todo o ten perfectamente localizado, determinado espacial e temporalmente. Aí os galegos aínda somos amos e señores, o malo -ou o bo, vaia vostede sabelo- é que esa cultura esmorece e con ela o idioma no que se sustenta. A lingua estándar urbana que estamos a construír élle máis ben un dialectiño, un *patois*, unha estraña *koiné* parásita do castelán que fai que ós que pretendemos un galego literario e con certo grao de autenticidade non haxa deus que nos entenda..., pero eu faciálle unha afirmación verbo da cultura fundamentalmente agraria da que todos nós vimos.

E faciálle tal afirmación pra que poida ser debidamente entendida a que vou facer agora: a de que, contrariamente, o nivel de cultura académica da maioría dos nosos emigrantes é baixo, mesmo diría que moi baixo. Non son xente que lea moito, vaia. A súa vida non está rexida por ningunha aspiración de ámbito académico, nin posiblemente deba estalo. A súa intención é a de gañar cartos, foino sempre. E posiblemente estea ben que así sexa.

- *¿Cal é, para vostede, o concepto de Galicia que predomina entre os emigrantes alonxados da patria dende hai moitos anos? ¿Interésanse por ela? ¿Están ben informados dos cambios históricos e sociais que trouxo consigo o paso do tempo?*

- Pois o concepto que corresponde ós que proveñen dunha cultura coma a que sinalaba non hai nada e que é o que predomina nos vellos e que tamén é, ó tempo, o que prevalece nos mozos. Foilles debida e oportunamente transmitido por aqueles e debe de ser moi semellante ó que motiva que os irlandeses falen da verde Erin e salouquen, é dicir, algo moi telúrico, moi pegado á terra, moi influido pola xeografía, determinado por vales e outeiros, por ríos e regueiros, por penedos e arboredas. Xa se ten falado abondo de todo isto.

O que si está habendo tamén é o concepto de que esta é agora a terra de promisión. Galicia non só recibe agora ós emigrantes retornados, senón que mesmo xa empeza haber xente que se irrita coa presenza de tanto magrebí, de tanto nixeriano ou de tanto "sudaca", por empregar un termo que se entenda e que demostre que hai xentiña con ben pouca memoria. E estes empezan a estar ben informados do que é Galicia hoxe. A iso axudou moito a Secretaría *ad hoc*, que depende directamente da Presidencia da Xunta, e gracias o impagable labor de Fernando Amarelo de Castro -hai que viaxar por aí adiante como eu viaxo pra poder constatalo- pero tamén axuda que hoxe, de Caracas



a Compostela, vense ou vaise en sete ou oito horas de avión: o mesmo tempo que na miña nenez lle levaba moitas veces ó coche de liña do Auto Industrial pra ir de Ourense a Pontevedra. O cambio experimentado por Galicia é brutal e só os espiritualmente cegos poden, e queren, negalo.

- *En Sempre me matan lemos que os emigrantes desempeñaban polos anos cincuenta en Caracas -e suponse que en toda Latinoamérica- os traballos que non quería ninguén. ¿Están hoxe os seus fillos máis preparados ca eles?*

- Moito máis. Desenvólvense moito mellor ca eles na cultura urbana

na que medraron. Dirixen as industrias que construíron os pais, ou asistiron ás universidades e desenvolven profesións liberais coma calquera outro cidadán deses países. Outra cousa é a crise que os países estean a atravesar ou a situación que acadaran os proxenitores, pois non todos fixeron un gran capital, nin moito menos, nin tódolos fillos foron á universidade; pero abonda con que estean integrados nunha sociedade na que os seus pais foron uns recién chegados pra que poidamos dicir que están mellor instalados do que o estiveron eles. E polo tanto tamén mellor preparados pra subsistir alí. Están nos seus países. Viven no seu propio medio. Isto como norma xeral, claro, e na miña opinión, discutible, por suposto.

- *Nos lugares que vostede visitou, ¿funcionan os Centros Galegos?*

- Só non funciona en Melbourne. Nos outros lugares aínda que non se chamen así, en Río de Janeiro, por exemplo, coido que tamén en Bahía, onde se chaman Casa de España, ou Fogar Español, ou cousa semellante, non o recordo ben, realmente do que se trata é de Centros Galegos, de verdadeiras embaixadas que funcionan no cultural, pero tamén no comercial, ou no plano asistencial ou de xestión administrativa mesmo. Pénsese que, por exemplo, en Bos Aires hai xa un Coordinador Xeral das Actividades da Xunta de Galicia, é dicir, dun representante da autoridade político-administrativa galega. Outra realidade que só os cegos non queren ver, e só os de ollos abertos de máis pola ignorancia e o pasmo han temer.

- *Dos seus tempos como Conselleiro de Cultura, ¿que recorda con máis satisfacción?*

- Se lle son sincero, a satisfacción maior baixa co son das badaladas da campá chamada Jesús, José y María, é dicir, dende a Torre Berenguela da catedral compostelana. Onte escoiteina por primeira vez dende a miña horta, a primeira vez en cinco anos, había o vento soprando da dirección precisa e o silencio necesario e cáseque salouco coa emoción. Aínda non llo contei ós veciños, que sempre me andan con que se antes se escoitaba e agora non. ¡Antes non había tanto coche, coño, nin tanto ruído, nin tanto puñeteiro que amolecese o son das campás! Pero eu onte escoiteina. Tamén recordo a despedida que me fixeron as monxiñas do convento de Santa Clara de Allariz. Corenta e oito monxas de clausura que me recibiron entre aplausos, en pé, pra que de repente empezasen a soa-las gaitas e tres monxiñas, alá no fondo do salón, as tocasen no meu honor. Emocioneime. Cousas así son as que mellor recordo.

Nun plano menos emocional, menos persoal, sei que o CGAC foi cousa miña, que o foron o IGAEM, o Instituto do Restauro, o CGAI, a Lei de Bibliotecas, o Auditorio de Galicia, a Hemeroteca, o Centro Superior Bibliográfico, moitas cousas que inaugurei eu ou que botei a andar, ou das que puxen a primeira pedra, en fin, que en dous anos e con aqueles medios, aquel goberno, aqueles presupostos, poucos equipos responsables da consellería terí-

an feito tanto. E mire que “políticos” estabamos alí: o Director Xeral do Patrimonio éralle un perito agrónomo; o de Cultura, un médico; o de Deportes, un empregado de banca, eu, un escritor, e así todos. Pero políticos, políticos, poucos. En fin, cousa pasada. Esperemos.

- *Despois da longa odisea dun emigrante que supón Sempre me matan, ¿xermolou xa unha nova idea para outra obra? ¿Que sente vostede cando asiste no seu propio interior ó nacemento dunha novela?*

- Estou ultimando un libro de contos que probablemente se chame *A Casa de Adara*, sen que saiba explicar aínda moi ben o por que de tal título. Adara é unha estrela da constelación do Can Maior e unha palabra que se formou ó chou cuns azulexos que sobraron dos que se puxeron pra dar nome a esta casa. Pero non sei se esa é razón abonda pra titular así un libro de contos, coido que si. Xa veremos.

O que si sei é que me gustaría escribir a segunda parte de *Sempre me matan* e que nesas ando, nas de lle dar voltas e voltas á idea por ver se por fin me atrevo, dame medo non estar a altura da primeira, no ton, no ritmo, na intención, na propia historia, por aquilo que se di que nunca segundas partes..., ó mellor se fose quen de facer unha triloxía... Carmen Balcells chámalle xa “a triloxía de América”, pero probablemente se trate tan só dun deses intentos fallidos dos que sempre lle amargan a vida a un escritor.

- *¿Que é o máis duro do oficio de escritor? ¿E o máis gratificante?*

- *¿O máis duro? Saber que un día se ha seca-la fonte. Que a fonte mane, ve-la fluir, sentirse vivo, iso élle o máis gratificante.*

Mentres falabamos caeu a noite sobre Brión. Quixemos escoita-la Berenguela, mais a dirección do vento non era a necesaria. Volvemos, pois, para Santiago, onde, agora si, soan unha e outra vez esas profundas badaladas que tanto tempo estiveron ausentes.

Brión, novembro de 1995